
GALEGUISMO E CATOLICISMO

VICENTE RISCO EN EUZKADI (1930-1933)[1]

GALLEGUISM AND CATHOLICISM:

VICENTE RISCO IN *EUZKADI* (1930-1933)



JOAQUIM VENTURA

ASOCIACIÓN GALEGA DA CRÍTICA

Recibido: 04/03/16 Aceptado: 14/04/16

[1] Polas noticias que teño, só se conserva unha colección completa deste xornal. Agradezo a Xosé Estévez, profesor emérito da Universidad de Deusto en San Sebastián, que me facilitase os artigos que Risco publicou nel.

Resumo

Nos seus escritos sobre nacionalismo galego, Vicente Risco non tratou o asunto do problema relixioso ou do conflito entre laicismo e confesionalismo. Sen embargo, a súa colaboración en Euzkadi, o xornal do PNV, entre abril de 1930 e outubro de 1933, deulle a oportunidade (case por obriga ambiental) de abordar a súa opinión sobre a situación do catolicismo e a súa relación coa política, xa fose coas dereitas españolas, xa co galeguismo.

En comparación cos seus escritos políticos, os xuízos de Risco en Euzkadi son ecuánimes, asisados. Incluso demostran o seu coñecemento da obra dos mellores escritores católicos europeos do momento. Estas circunstancias responderían, moi probablemente, por unha banda á seriedade formal e ideolóxica do xornal vasco, na cal non caberían veleidades teosofistas ou orientalistas; por outra, á vontade de mostrar que o galeguismo político –do cal se sentiría representante- tamén participaba de tal formalidade.

Palabras chaves: Vicente Risco, Euzkadi, Relixión, Galeguismo

Summary

In his writings about Galician nationalism, Vicente Risco not treated the religious problem issue or the conflict between secularism and sectarianism. However, his cooperation in Euzkadi, the newspaper of the PNV, between April 1930 and October 1933, gave him the opportunity (almost by environmental obligation) to approach to your opinion upon the situation of Catholicism and its relation to politic, either with Spanish right, once the galleguism.

Compared with his political writings, the judgment of Risco, in Euzadi, is equable, judicious. Even demonstrate your knowledge of the work of the best European Catholic writers of the moment. These circumstances would answer, most likely, on the one hand the seriousness formal and ideological Basque newspaper, which it would not fit theosophists flightiness or Orientalists; on the other, the desire to show that the galleguism politic -of which he would feel representative- also participated in such a formality.

Palabras chaves: Vicente Risco, Euzkadi, Religion, Galeguism.



O galeguismo cara ao exterior: a conexión vasca

As análises que habitualmente se fixeron do nacionalismo galego anterior á guerra civil ficaron limitadas aos textos producidos e publicados en Galicia (ou en círculos galegos de América), xa fose en revistas (*A Nosa Terra*, *Nós*), xa en ensaios ou folletos. Poucas foron, con todo, as ocasións que entre 1916 e 1936 os galeguistas tiveron oportunidade de dar a coñecer os seus puntos de vista fora da súa terra ou dos ámbitos galegos do exterior.

Entre esas limitadas manifestacións exteriores cómpre salientar o artigo que co título "En Galice: la tradition du pays et sa culture actuelle", Antón Villar Ponte publicou na revista francesa *L'Europe Nouvelle*[2] grazas á mediación feita desde Barcelona por Joan Estelrich, secretario de Francesc Cambó e coordinador da Oficina d'Expansió Catalana.[3]

A segunda ocasión –ata agora tan descoñecida en Galicia como a anterior- chegou cando Vicente Risco tivo a oportunidade de colaborar no periódico *Euzkadi*.[4] O primeiro artigo apareceu o 4 de abril de 1930. Non atopei un indicio seguro para saber como chegou a Risco a oferta para publicar no boletín do Partido Nacionalista Vasco. Sen embargo, por diversas circunstancias podemos aproximarnos ao inicio das colaboracións.

Aquel mesmo ano de 1930, Vicente Risco foi beneficiado cunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios para viaxar a Alemaña a estudar etnografía. As impresións daquela viaxe foron publicadas, co título "Da Alemaña", na revista *Nós* a partir do número 79, que levaba como data "Ourense Dia de Galicia de 1930". En 1934 apareceron como obra

[2] París, número 318, 22 de marzo de 1924, 383-385.

[3] Sobre o tema, xa publicamos o artigo "Publicitar Galicia" (*Faro da Cultura* núm. 570, *FARO DE VIGO*, 4 de febreiro de 2016, 1).

[4] Continuador da revista homònima fundada en 1911, o xornal *Euzkadi* publicouse entre 1913 e xuño de 1937, cando as tropas sublevadas entraron en Bilbao; establecido o goberno vasco en Barcelona en outubro daquel ano, tamén o fixo unha delegación do PNV, que continuaron as tarefas do *Secretariado Vasco*, formado en 1936, fundamentalmente para atender aos guipuscoanos fuxidos cando a sublevación triunfou na súa terra; este organismo publicou, entre decembro de 1936 e novembro de 1937, o semanario *Euzkadi en Catalunya*.. Xa en 1938 e ata o 22 de xaneiro de 1939 (catro días antes da caída de Barcelona), o xornal *Euzkadi* viviu unha nova etapa (Mees, Ludger, "Tan lejos, tan cerca. El Gobierno Vasco en Barcelona y las complejas relaciones entre el nacionalismo vasco y el catalán", *Historia Contemporánea* núm. 37 Bilbao, UPV, 2008, 557-591).



enteira co título de *Mitteleuropa*.[5] Se temos que guiarnos polo texto, resultaría moi difícil datar as accións e mais os sucesos que se narran, especialmente o inicio da viaxe. A única referencia cronolóxica aos seus días na capital alemá é a congregación masiva de católicos que tivo lugar «o domingo 29 do mes de San Xoán» no Deutsches Stadion de Grunewald, en Berlin (Risco pon, simplemente, «no grande Stadion de Grunewald»).[6] Carlos Casares situaba o inicio da viaxe o 14 de maio e o seu remate en setembro de 1930.[7]

Que o primeiro capítulo fose publicado –oficialmente- en xullo podería responder, aparentemente, a que Risco enviara o seu texto desde Alemaña. Sen embargo, sendo habitual que a revista *Nós* aparecese con retraso, tampouco sería desasisado pensar que o ourensán enviase as primeiras páxinas da súa crónica xa regresado de Berlín.

O certo é que cando comezou a súa viaxe parou en Hendaia, onde estaba de cónsul Luis Temes, galego e galeguista, que acompañou a Risco nunha excursión por Irún, Fuenterrabía e San Sebastián.[8] Era maio, polo cal, se o primeiro artigo seu no xornal vasco apareceu en abril, o contacto tivo que ser necesariamente anterior.

En calquera caso, á revista *Nós* chegaran noticias do País Vasco.[9] Incluso antes, xa que na revista *La Centuria* que Risco impulsara entre 1917 e 1918,[10] concretamente no número 7 (de xullo de 1918), aparecía citada a revista *Hermes* editada en Bilbao e cunha liña que poderiamos considerar «elitista, d'alta cultura, reflex d'una línia basquista burgesa, d'integració hispànica».[11] Foi saudada como «magnífica

[5] Risco, Vicente, *Mitteleuropa*. Vigo, Galaxia, 1984 [1934]).
[6] Risco 1984: 154.
[7] Casares, Carlos, *Vicente Risco*. Vigo, Galaxia, 1981, 81 e 87.
[8] Luis Termes Fernández foi cónsul en Saint-Nazaire (*ABC*, Madrid, 6 de febreiro de 1929), Hendaia, Trípoli (Libia) (*ABC*, Madrid, 10 de xuño de 1930) e en 1936 secretario de primeira en Tetuán: foi separado do cargo por desafección ao bando sublevado (Viñas, Ángel (dir.), *Al Servicio de la República: diplomáticos y Guerra Civil*. Madrid, Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación & Marcial Pons Historia, 2010, 439).
[9] Asunto que xa tratei en "Vascos a la revista Nós" en González, H. E Lama, M. X. (coord.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Barcelona, Ediciós do Castro; AIEG; Universitat de Barcelona, 2007, 1139-1150.
[10] Hai edición facsímil (Sotelo Blanco, Blanco, 1981).
[11] Ventura 2007: 1142.

demostración de la mentalidad de un pueblo que marcha en las avanzadas de la cultura ibérica». Tamén foi citada en *Nós*.[12] En *A Nosa Terra* non hai mención do xornal do PNV.[13]

Por todo iso, podemos supoñer que a iniciativa para que Risco publicase en *Euzkadi* sería de tipo individual. Casares, na biografía que fixo do ourensán, non recolle ningún dato verbo destes traballos.

As primeiras colaboracións de Risco no xornal vasco, ata a publicada o 13 de maio, enviounas desde Ourense; a seguinte, aparecida o día 30 daquel mes, xa figura como enviada desde Berlín. Así mesmo, polo trato que tivo con Luis Temes ao día seguinte de chegar a Hendaia, resulta evidente que o cónsul estaba avisado da súa chegada, sinal de que tiñan un contacto previo.

Risco e a relixión

Nos primeiros escritos teóricos de Risco sobre o galeguismo ("Teoría do nazonalismo galego", *A Nosa Terra*, 1918; *Teoría do nacionalismo galego*, 1920; "Isto é o que é o nazonalismo galego", *Terra*, Bos Aires, 1923), Risco apenas tocou o asunto relixioso, como se a liberdade relixiosa ou o exercicio das crenzas non tivesen que ver co futuro político de Galicia. En 1930 publicou *El problema político de Galicia*.[14] Neste texto tampouco entraba no asunto pero dicía que «la mayoría de los curas gallegos se han puesto decididamente al lado de la Dictadura, sin saber que con ello acaso se están labrando su ruina para lo futuro».[15] Sen embargo, deixaba claro que a relixión e a política tiñan que ir afastadas (seguindo aquilo de dar a Deus e ao César o que corresponde a cada quen). Por iso, denunciaba a entrada interesada

[12] Números 3 (decembro de 1920), 4 (xaneiro de 1921), 5 (febreiro de 1921), 11 (xuño de 1922) e 12 (xullo de 1922). Non hai máis referencias vascas ata xullo de 1926 e despois hai citas de asuntos folclóricos e culturais e xa nos números 105 (setembro de 1932) e 110 (febreiro de 1933) aparece, como recibido, o xornal *Euzkadi*.

[13] Nin tan sequera cando no número 270 (1 de xuño de 1930) incluía un apartado de «Prensa Nazonalista» que recollía publicacións aragonesas e valencianas amais de sinalar que «recibimos tamén diarios e revistas cataláns».

[14] Risco, Vicente. *El problema político de Galicia*. Madrid, CIAP, 1930. Cito por *Obra Completa* 1, Akal Editora, Madrid, 1981.

[15] Risco 1981: 202.



dalgúns católicos nos sindicatos labregos, «otro elemento absurdo en el agrarismo gallego aquí muchas veces por propagandistas castellanos y por un modelo castellano común a toda España. [...] una cosa es la religión y otra las reivindicaciones económicas y políticas de una región y de una clase: ante la religión no hay agrarios, ni obreros, ni capitalistas; ni gallegos, ni castellanos [...] Es absurdo dividir a los labradores en católicos y no católicos, dañando a un tiempo al agrarismo y al catolicismo».[16]

Pero pouco tempo despois, sen embargo, en *A ideoloxía do nacionalismo exposta en esquema* (1931)[17] puña a Deus en primeiro lugar cando apelaba como valores dos nacionalistas «a noción da nosa responsabilidade cara a Deus, cara á nosa Pátrea e cara ao xénero humán». Afastado cada vez máis do compromiso político, a relixión pasou a ocupar ese baleiro.

Así, en 1932 empezou a súa colaboración en *Logos, Boletín Católico Mensual*. Esta revista en lingua galega publicábase en Pontevedra e apareceu entre 1931 e 1936. Recentemente, foi definida por Xavier Castro como «revista de pensamento e humanidades».[18] Excepción feita desta publicación, apenas había tribunas para discrepar con liberdade verbo do monolitismo xerárquico galego. En *Logos* publicou en tres entregas "Pensamento en col da fe e mais da cultura",[19] no cal un dos asuntos presentes ía especificado nos subtítulos: a renacenza do catolicismo. No ano seguinte publicou "A Paixón de Cristo e a historia".[20]

Dous anos despois, entre xullo de 1934 e xuño de 1935, publicou un traballo na revista *Alento*, *Boletín de Estudos Políticos*. Nel non agochaba unha maior tendencia conservadora, manifestada no tándem nacionalismo-catolicismo, cando citaba a «escritores románticos e católicos, coma

[16] Risco 1981: 216.
[17] Apareceu no número 281 en *A Nosa Terra* (marzo de 1931) e en *Céltiga*, de Bos Aires, en maio daquel ano; cito por Risco 1981: 236.
[18] Castro Rodríguez, Xavier. *Galicia Hoxe* (2 de febreiro de 2010).
[19] *Logos* núms. 18 (xuño de 1932, 81-83), 19 (xullo de 1932, 97-100) e 23 (novembro de 1932, 161-166).
[20] *Logos* núm. 28-29 (abril- maio de 1933, 69-71).



Wronski, Cieskowski e Mickiewicz, os fundadores do *Mesianismo polaco*. E aínda un discípulo diles, cuia vida por certo áchase especialmente ligada a Galiza, W. Lutoslawski [...]».

Tamén en 1935, algunhas das súas colaboracións en *Heraldo de Galicia*[21] (de cuxo consello de redacción era membro), tituladas "Leria Nova", foron de temática relixiosa, entre elas "Os camiños de Deus"[22] e "O movemento católico".[23]

En opinión de Francisco Bobillo,[24] Risco tería unha personalidade pesimista pola súa vinculación á Teosofía e pola influencia de De Maistre. Un pesimismo que mantivo cando se achegou ao catolicismo e que o levou a unha relixiosidade parella ao seu nacionalismo: «La nación es una teofanía y dentro de ella, aparece por doquier la presencia de lo sagrado».[25] Con todo, compaxinou un «cristianismo sinceiro e militante (resoltamente católico, e dun catolicismo esixente, preconciliar) coa súa poderosa atraición por certas relixións orientais como é o budismo, o induismo i o taoísmo».[26] Victorino Pérez Prieto[27] estudou a relación entre nacionalismo galego e relixión pero, en canto a Risco, non pasou dos límites que marcaran as análises anteriores, especialmente a tese das " tres etapas" que Ramón Piñeiro sinalara en 1963 no prólogo de *Vicente Risco na cultura galega*, de R. Lugrís Freire.

Non imos entrar no pensamento relixioso de Risco despois da guerra civil porque ten unhas dimensións de índole persoal que non resultan representativas de quen, ata 1936, foi -dun xeito ou outro- publicista do galeguismo. A máis, esa condición individual –ao longo da súa vida- non foi outra cousa que un conflito, digamos, entre razón e corazón, interno,

[21] Semanario editado en Ourense entre 1930 e 1935, sucedeu ao *Heraldo Orensano*. Se ben non tiña liña política, a partir de abril de 1931 decantouse pola defensa da República e da autonomia para Galicia.
[22] *Heraldo de Galicia* núm. 214, 14 de xaneiro de 1935.
[23] *Heraldo de Galicia* núm. 224, 25 de marzo de 1935.
[24] Bobillo, Francisco. *Nacionalismo Gallego. La Ideología de Vicente Risco*. Madrid, Akal, 1981, 149-150.
[25] Un pesimismo que chegaría ao extremo nos anos posteriores á guerra civil, cando escribiu obras como *Biografía del diablo* (1947), *Mitología cristiana* (1963) e *Orden y caos* (1968).
[26] Risco, Antón. *Pensamento de Vicente Risco*. Lugo, Alvarellos, 1978, 36.
[27] Pérez Prieto, Victorino, *A Xeración "Nós". Galeguismo e relixión*. Vigo, Galaxia, 1988.



nunca como unha proxección do papel da relixión (e da xerarquía católica) na sociedade galega.

Un medo entre as miserias da vida terreal (e iso que Risco non era persoa de pecados, tal vez por incapacidade física e moral) e o premio dunha mellor vida futura (fose en forma de karma, fose en forma do ceo dos cristiáns). Lonxe de crer na liberdade humana, estaba convencido de que temos que cumprir –individualmente e colectivamente- o destino que nos tocou. Nos anos nos que o galeguismo tiña un papel marxinal na sociedade –apenas cunha expresión cultural-, Risco orientou a converxencia entre relixiosidade e reivindicación do país cara á exaltación da figura do apóstolo Santiago: velaí, por exemplo, "A estrela do Apóstolo "[28] ou a redención que fixo de James Joyce en "Dedalus en Compostela (Pseudoparáfrase)".[29]

Un convencemento, ese do destino, que aplicou á súa visión do galeguismo[30] e que so atravesou a súa epiderme cando, nos anos da República, o asunto relixioso pasou a ser un asunto social polo conflito entre laicismo e confesionalismo. Un asunto que no caso de Risco tiña outra dimensión conflitiva: o papel da Igrexa e do catolicismo verbo das reivindicacións galeguistas.

A tribuna de *Euzkadi*

A oportunidade de expresar as súas ideas, chegoulle a Risco coas colaboracións no diario do PNV, *Euzkadi*. Cando foi proclamada a República era, con *El Liberal*, o diario máis lido no País Vasco, cunha tiraxe de trinta mil exemplares, un volume considerable para tratarse dunha publicación de partido. Tiña entre dez e doce páxinas, unha delas en éuscaro. As súas páxinas non eran alleas á problemática social –sempre baixo a doutrina da Igrexa- e recollían anuncios e convocatorias

[28] *Nós* núm. 18, xullo de 1923.
[29] *Nós* núm. 67, xullo de 1929. A propósito deste asunto, vid. Ventura, Joaquim. "Vicente Risco, redentor de Joyce: 'Dedalus en Compostela'" en Martínez Fernández, J. E. (coord.), *Estudios de literatura comparada: norte y sur, la sátira, transferência y recepción de géneros y formas textuales*. León, Universidad de León y SELGYC, 2002 (recoge los trabajos presentados en el XIII Simposio de la SLGYC, León, 2000).
[30] Ventura, Joaquim. *O nacionalismo kármico de Vicente Risco*. Santiago de Compostela, Laiovento, 2000.



da filial sindicalista do PNV, Solidaridad de Obreros Vascos (desde 1933, Solidaridad de Trabajadores Vascos, ELA-STV).[31]

Risco colaborou nas páxinas de *Euzkadi* entre abril de 1930 e outubro de 1933. Se ben a maioría dos artigos están dedicados a asuntos políticos e culturais relativos a Galicia, a chegada da República supuxo que comezaba a política "en serio", ao que cabe engadir a participación en concellos, deputacións e nas Cortes de deputados galeguistas (nacionalistas ou autonomistas). Uns políticos que tiñan dereito e obriga a opinar e actuar de acordo ou en contra das políticas do novo goberno. E uns dos asuntos cos que os nacionalistas galegos –especialmente os deputados Castelao e Otero Pedrayo- tiveron que pelexar foi o do papel da relixión no novo réxime constitucional.

Risco era perfectamente consciente das posibilidades –e das limitacións- que tiña colaborar en *Euzkadi*. Sen obviar a lexítima vaidade persoal, escribir no xornal do PNV supuña un éxito para o galeguismo se temos en conta a habitual cerrazón do nacionalismo vasco (en xeral) en relación ao dos outros pobos. Con estas premisas, o cronista ourensán estaba obrigado a unha certa contención verbal e a observar un rigor considerable nas súas análises. Non se trataba só de dar noticia ou de opinar sobre o que sucedía en Galicia –que apenas podía ser contestado desde o País Vasco- senón de procurar unha considerable obxectividade no momento de tratar os asuntos que afectaban ao conxunto da política española aínda que se focalizasen en terras galegas.

Doutra banda, o xornal vasco deixaba en evidencia a condición profundamente católica do partido que o editaba: nas súas páxinas era habitual a publicación de anuncios de convocatorias de romarías ou de rezos do rosario. Pero ese catolicismo –malia o seu integrismo conceptual- resultaba ben distinto do catolicismo español oficial, totalmente

[31] Tapiz Fernández, José María, "El diario Euzkadi (1931-1936): Un análisis estadístico a través de sus primeras planas", *Sancho el Sabio: revista de cultura e investigación vasca*, año 5 2ª época, núm. 5., 1995. Vitoria-Gasteiz, Fundación Sancho el Sabio, 359-375.



cómplice coa monarquía e o sistema da Restauración e, en consecuencia, belixerante contra a novo réxime.

Por iso, Risco puido tratar con certa liberdade ese asunto, tan polémico no primeiro ano da II República, co explícito título de "Galicia y el problema religioso"[32]. Segundo Risco, en Galicia non habería tal problema malia «viejos y nuevos republicanos, por sostener la tradición de su partido o por prurito izquierdista, en ambos casos apropiándose programas confeccionados en Madrid; americanos subvencionadores de escuelas laicas».[33] Para o ourensán, «Galicia [...] es católica en pleno» e apenas «en el litoral gallego [hay] algunos pequeños núcleos evangélicos o de otras comuniones protestantes, algunos ya bastante antiguos. Pues bien: nunca se ha oído hablar de conflictos ocurridos entre protestantes y católicos en aquellos parajes». Unha ausencia de problema relixioso ao cal non sería allea a circunstancia de que «las diócesis gallegas [están rexidas] por obispos extraños al país, o ligados con los políticos gallegos, se ha inculcado al clero y a la Prensa católica la idea de anteponer en todo caso la *unidad de la Patria* a las aspiraciones y a los intereses de Galicia».

A esperanza que tiñan os galeguistas no Dr. Manuel Lago González cando foi elixido para a sede compostelá, ficou frustrada porque eran «tiempos de dictadura y [por] la temprana muerte del arzobispo».[34] Con todo, Risco recoñecía a colaboración dalgúns cregos no Seminario de Estudos Galegos e a publicación da revista *Logos*, editada en galego. Tales circunstancias virían a confirmar a esencia do nacionalismo galego, cuxa orixe era tradicionalista, que por iso «no se puede alejar mucho de la ruta marcada por la Estrella Apostólica». En consecuencia, «no podríamos reconocer a nuestra Galicia en una Galicia descristianizada»,

[32] *Euzkadi*, 17 de xullo de 1931.

[33] Por "americanos" Risco entendia aqueles emigrados que triunfaran en América e que, partícipes do espírito civil das repúblicas onde vivían, facían doazóns a prol de escolas non relixiosas. Así os definía para os lectores vascos en "Los gallegos de América, en Galicia" (*Euzkadi*, 12 de agosto de 1931): «Como la mayoría de los gallegos que vienen de América, quieren una Galicia de izquierdas; son socialistas y profesan el [clásico] anticlericalismo de los "americanos", con todos los prejuicios que envuelven».

[34] Efectivamente, este prelado ocupou a diócese de Santiago entre 1923 e 1925, cando morreu. Escritor en lingua galega, foille dedicado o Día das Letras Galegas de 1973.



afirmación que Risco tiña interiorizada, sen dúbida, pero que tamén supuña unha complicidade co catolicismo implícito ao Partido Nacionalista Vasco.

Risco non agochaba a súa sensibilidade (cabería cualificala de alporizada, ás veces) fronte a todo o que supuxese crítica á relixión ou, simplemente, cheiro a crego. Por iso, cando falaba do labor científico que exercía o Seminario de Estudos Galegos, non dubidou en titular o seu artigo "Olor a incienso".[35] Despois de describir as cualidades da institución, puña ben claras as razóns do título: o nome da institución, para «alguna persona que ocupa un puesto de importancia [...] allí *huele a incienso*». Como se tal denominación, «de uso corriente en todas las Universidades del mundo, para designar los centros donde se preparan los investigadores, tiene una procedencia y un tufo clerical tan marcado, que resulta suficiente para contaminar ficheros y bibliotecas, museos y laboratorios».

Tal sería o rexeito, por ignorancia, sinalaba Risco que «un ilustre poeta gallego, que en sus buenos tiempos estudió la carrera eclesiástica, cuando le propusieron el ingreso en aquel centro compostelano respondió: -Ay, no señor; ¡ya fui seminarista una vez en Mondoñedo!»

Evidentemente, se no seo do SEG «abundan las sotanas y hasta los hábitos, será porque hay muchos señores que visten de ese modo y que se dedican a la investigación de las cosas de Galicia, lo cual, hasta ahora, no existe disposición legal ni consideración moral que lo prohíba».

E remataba: «Conocemos muchas asociaciones científicas de prestigio que admiten en su seno y hasta se dejan presidir por eclesiásticos. Acaso estén equivocadas: acaso huelan también a incienso esas por otra parte venerables instituciones y corran peligro de convertirse en torvas sacristías. Mas, por ahora, tal es la cavernícola costumbre del mundo culto».

[35] *Euzkadi*, 27 de novembro de 1931.



> Na medida en que en Galicia, nos primeiros meses da República, a iniciativa a tiñan as forzas de esquerda –fosen de matriz española ou galeguista–, obviamente laicistas, Risco chamaba a atención da inacción dos conservadores galegos en "Los nacionalistas de derecha".[36] Unha situación que consideraba «de pasividad absoluta y de resignación fatalista ante lo que venga, ante lo que se le ocurra decretar a quien, por lo que sea, se encuentre en posesión del poder».
>
> Situación agravada en Galicia por cuanto «aquí, hoy como siempre, se obedece y se acepta todo, y ahora ya, sin una queja, con una conformidad que hace temblar».
>
> O ourensán sorprendíase porque se «es pasmoso cómo en toda España las derechas calladamente dejan hacer, sin pensar siquiera en organizarse para mañana [...], es peor en Galicia que, país de paisanos, debiera ser toda de derechas, lógicamente. Tampoco los católicos gallegos parecen despertar. Todo está callado, resignado, silencioso».
>
> E contra iso chamaba á acción dos nacionalistas porque se

entre los nacionalistas hay de todo [...] anticlericales rabiosos, [...] ateos, [...] indiferentes[...] también hay católicos. Y como los nacionalistas son la única conciencia viva de Galicia, los nacionalistas católicos han de ser los que levanten el espíritu del pueblo creyente, si es que ese espíritu es susceptible de levantarse.

> E nese sentido anunciaba «un manifiesto breve, ponderado y enérgico, en el que se hace un llamamiento a la conciencia católica del país», advirtindo que

aquí su labor ha de ser ruda. Nada importan los ataques de los de la acera de enfrente para los que pueden venir del propio campo católico, donde las ideas están bastante anquilosadas. Sería necesario, aquí como en toda España, para preparar una acción católica eficaz como la que requiere el instante presente, limpiar la conciencia católica de

[36] *Euzkadi*, 1 de decembro de 1931.



las representaciones anticuadas e inservibles que la obstruyen, y conectaría con el pensamiento católico universal.

> E, consciente da feble bagaxe ideolóxica do catolicismo español, en xeral, e do galego en particular, chamaba a un rearme das ideas: «preparar una acción católica eficaz como la que requiere el instante presente, limpiar la conciencia católica de las representaciones anticuadas e inservibles que la obstruyen, y conectaría con el pensamiento católico universal», para así «combatir al enemigo en su mismo terreno». Para iso apelaba á obra e á táctica («que aqui casi se desconoce») dos pensadores católicos do momento, «grandes luchadores intelectuales de la fe: Peguy, Maritain, Claudel, Chesterton, Papini», como «en Galicia está aún olvidada la obra de los grandes precursores, como el P. Gándara, el P. Seguin y el cura de Fruime».
>
> Despois da sorpresa da proclamación da República, os políticos conservadores comezaron o seu reagrupamento sen agochar a súa vinculación ideolóxica coa Igrexa católica. En Galicia estas forzas –como sucedera durante a monarquía- tiñan unha visión españolista da acción política. Seguindo cos argumentos do artigo anterior, Risco reflexionaba en "Las derechas de Galicia"[37] sobre tal circunstancia. Situaba de entrada que a lexítima agrupación do movemento católico non se producía en calidade de tal «sino como agrupación de derechas. Así lo dicen, por lo menos, los títulos bajo los que se colocan –Acción Ciudadana Gallega, en Orense; Unión Regional de Derechas, en Santiago». A ese agrupamento non sería alleo «un nacionalista afiliado: Ricardo Outeiriño, director del semanario *Heraldo de Galicia*».
>
> Unha vinculación –ou mellor, subordinación- a dos católicos ao conservadurismo político que dificultaba a necesaria renovación ideolóxica do catolicismo e da política de dereitas:

[...] es necesario, indispensable, renovar totalmente la actuación católica en Galicia; que es necesario agudizarla, extremizarla en su propio sentido, ponerla en heroica

[37] *Euzkadi*, 8 de decembro de 1931.



contraposición a la ideología revolucionaria, en este estado las cosas, el excesivo peso del elemento conservador en el movimiento puede ser un peligro.

> Una situación crítica que non era privativa de España: «Hay que mirar, hay que sentir la situación del catolicismo en el mundo, y ver que casi todas partes estamos los católicos en estado de guerra». Sen embargo, poucas perspectivas había de mellora xa que «las clases conservadoras en muchas partes están más preocupadas en la defensa de su situación económica que por la suerte de la Iglesia». E para iso non dubidou en reclamar o maxisterio de Léon Bloy, un escritor católico francés que defendía a praxe sinxela, crítico cos valores modernos e inconformista malia a súa ortodoxia: «La mentalidad conservadora, que ya de por sí tiende, como decía León Bloy, a tamizar el Evangelio, tiende también a la inmovilidad, a la moderación excesiva, a la demasiada contemporización, lo cual puede constituir un lastre invencible que impida la energía contrarrevolucionaria de los jóvenes».
>
> Por iso, Risco laiábase de «que haya en Galicia relativamente escasa juventud aprovechable para un movimiento católico y el que nuestra juventud universitaria sea en su inmensa mayoría izquierdista radical». Pero non culpaba a esa mocidade de tal circunstancia senón á xerarquía por non dar a coñecer a esoutro «movimiento europeo de las juventudes católicas».
>
> O ourensán, que viaxara un ano antes a Berlín, coñecera alí o dinamismo do catolicismo alemán e a súa aposta pola xuventude. Adulto daquela, manifestaba estar desencantado en xeral cos mozos, se ben no capítulo "Jugendbewegung" de *Mitteleuropa* recoñecía que «a maior parte da mocidade alemana [...] cando se trata de afirmar, prefire afirmar os valores tradicionais: a Patria, a Raza, o Imperio, o deber militar, ainda Deus».[38]
>
> Describía a mocidade presente no magno acto católico ao que asistiu en Grunewald: «[...] unións, organizacións de mocidade, sociedades de

[38] Risco 1984: 293-294.



estudiantes, escolares, coros, confradías, irmandades [...]. Apareceron oito mozos con dalmáticas marelas que ostentaban no peito e na espalda a negra águia pasmada do Reich [...]».[39]

Pero Risco estaba especialmente admirado porque «hai que ter en conta que isto está feito aquí, en Berlín, no corazón dunha terra de tradición luterana [...] nunha inmensa cidade moderna, onde os católicos son 700.000 en 5.000.000 de habitadores, onde din que hai 1.000.000 de comunistas».[40]

Pero cando escribía no xornal vasco puña outros modelos, tal vez por considerar que o catolicismo alemán respondía a una concepción estatal discordante coas ideas do PNV:

Al catolicismo gallego le hace falta, en todo caso, una avanzada juvenil y moderna, gallega y audazmente contrarrevolucionaria, como la que hoy posee el catolicismo francés, como el brillante equipo del integralismo lusitano.[41] Detrás de esta vanguardia, venga en buen[a] hora toda la antigua derecha, pero que sea derecha de ideas, no de intereses. Demasiado gobiernan los intereses el mundo; no sea tanto que parezca que tenía razón Marx.

A preocupación que Risco manifestaba nos seus artigos en *Euzkadi* non era tanto polas súas teimas de fe senón polo uso interesado que da relixión católica facían as forzas conservadoras de signo españolista. E, entre elas, o líder emerxente José María Gil-Robles producíalle especial temor. Militante desde a na súa mocidade en organizacións católicas, despois de rematar os estudos e obter a cátedra de Dereito en La Laguna en 1922, aquel mesmo ano instalouse en Madrid para

[39] Risco 1984: 159.
[40] Risco 1984:159-160.
[41] Non queda clara esta comparación entre o integralismo portugués (de liña antiparlamentaria, socialcatólica, tradicionalista e monárquica) e mais o catolicismo francés. Se se trataba do movemento equivalente, Action Française, este foi condenado polo papado en 1926.

incorporarse á redacción do xornal católico *El Debate*[42] e ocupar a secretaria da Confederación Nacional Católico-Agraria, ao tempo que se integraba no Partido Social Popular.



Nas eleccións a Cortes constituíntes de xuño de 1931 foi elixido deputado nas listas do Bloque Agrario (que agrupaba a diversos políticos procedentes dos vellos partidos dinásticos). No debate constitucional opúxose á política relixiosa do novo réxime, se ben defendeu a liña posibilista preconizada polo cardeal catalán Vidal i Barraquer: rexeitaba a "liberdade de conciencia" nos católicos pero se amosou favorable á condición laica do Estado sempre que recoñecese os "dereitos da Igrexa", especialmente verbo das congregacións relixiosas. Naquel mesmo ano afiliouse ao partido Acción Nacional, fundado por Herrera Oria e que asumía que no seu seo convivisen monárquicos e aqueloutros que defendían o "accidentalismo" do réxime político (república ou monarquía) sempre que se respectasen os dereitos dos católicos.

Evidentemente, eses postulados –de raiceiras españolistas- non eran ben considerados por Risco. No seu artigo "Gil Robles, en Galicia"[43] advertía que quería escribir sobre quen xa se presentaba como líder das dereitas,

[42] Dirixido desde 1911 por Ángel Herrera Oria, crego e xurista que fundou a Asociación Católica Nacional de Propagandistas e que chegaría a cardeal.
[43] *Euzkadi*, 21 de xaneiro de 1932.

> antes de que viaxase a Galicia, «antes de que Galicia le haya oído, para que lo que diga no aparezca influido por una impresión de actualidad, siempre sospechosa». O escritor ourensán recoñecía que era «tido dentro y fuera de mi partido, por pesimista, por derrotista, por un *vencido da vida*».
>
> Pero non disimulaba o seu temor cara a Gil Robles, a quen consideraba

un rival verdaderamente temible. No lo sería si el señor Gil Robles fuera solamente, únicamente, limpiamente, un paladín de la causa católica; pero lo es [...] porque la bandera católica cobija en las derechas españolas muchas cosas que no pertenecen ni a la ortodoxia religiosa, ni a la ortodoxia social, ni a la ortodoxia política del catolicismo.

> Un movemento, o do españolismo de verniz católico, que por riba consideraba con «un absoluto desprecio para el ser y la tradición de Galicia; un movimiento que olvida que la verdadera, autóctona cultura tradicional de Galicia, es en su mayor parte hija del cristianismo y de la Iglesia». Un movemento «ahistórico, contranacional, antitradicionalista», cuxo éxito «hay que atribuirlo necesariamente al descastamiento, al instinto suicida del pueblo gallego». Unha consideración, esta da condición suicida do pobo galego, que xa expresara uns anos antes nunha carta a Antón Losada Diéguez, cando se laiaba dos problemas económicos e editoriais da revista *Nós*:

Estanos ben empregado por querermos salvar a un pobo de cabrós coma é o pobo galego, por querermos dotar de concencia nazonal a un pobo que quere perder o caraute de pobo, a un pobo suicida que quer perecer como tal pobo, que quer ser gobernado por alleos, educado por alleos [...]. E por moito que fagamos non conseguiremos impedilo suicidio de Galiza [....].[44]

> E se ben no seu interior Risco mantiña un conflito entre relixión e acción política, non agochaba a súa devoción pola relixiosidade popular, síntese entre as crenzas e a tradición. Unha relixiosidade que en Galicia tiña

[44] Risco, Vicente. *Epistolario de Vicente Risco a Antón Losada Diéguez* (ed. Joaquim Ventura). Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2010, 109.



como principal mostra os cruceiros, que tan ben estudara Castelao en *As cruces de pedra na Galiza* (1950) e *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), e que Risco deu a coñecer en "Cruceros de Galicia".[45] Sitúa, en primeiro lugar, tal devoción como común con «Bretaña, [...] Irlanda, como casi todas las tierras célticas» e que en Galicia «son los monumentos más expresivos de nuestro arte popular» e «un elemento esencial de nuestro paisaje».[46]

Pero a lembranza que Risco facía destes monumentos non era estritamente folclórica ou artística senón para avisar que

[...] este tesoro artístico gallego, tan amado por nuestros hombres de pensamiento y de espíritu, está sufriendo, ante la indiferencia de las autoridades, una merma considerable, debida a los ataques del vandalismo sectario. Son ya muchos los cruceros que han sido destruidos por aldeanos embrutecidos por propagandas y lecturas, a quienes las groseras pasiones, el torpe espíritu de protesta, la exasperación levantada en sus pechos por las predicaciones de hombres sin sentido de la responsabilidad.

Unhas actuacións,

El espíritu de venganza, el ansia de destrucción, tan propicia a manifestarse, tan fácil de despertar en el pueblo inculto, tan terrible en los paisanos cuando reunidos bajo la conducta de incitadores sin escrúpulos, dejan de ser hombres –como lo son de ordinario, y más hombres, más prudentes, más sensatos que los demás- para convertirse en masa, se desahoga, cobardemente dirigido, contra lo indefenso, contra lo vencido, contra lo que se supone que no ha de ser defendido ni amparado por el Poder público.

E diso acusaba non á man directa do labrego, «hombre inculto» senón aos indutores, «el americano de espíritu "emancipado", el orador de mitin de las izquierdas, el periodista de batalla, el maestro de escuela comunista, el organizador agrario afiliado a la U. G. T. o a la C. N. T.». Malia que se chamen ou consideren galeguistas porque se triunfasen as

[45] *Euzkadi*, 7 de maio de 1932.

[46] Unha consideración que malia ser certa, non sería exclusiva de Galicia. Velaí as cento oitenta *creus de terme* conservadas en Mallorca (Nèstor Carda, *Les Creus de Terme en Mallorca*, Palma, Norma Editorial, 2012) e as máis de cen documentadas en Cataluña.



súas ideas, «una Galicia así, una Galicia marxista y atea, ya no sería nuestra patria, sería una colonia de la Unión Soviética, y en ella nos sentiríamos mucho más extranjeros aún que en la misma Rusia».

Isto era o que, a propósito do problema relixioso aparecido nos primeiros meses da Segunda República, Risco expresaba no xornal do Partido Nacionalista Vasco. Unhas opinións expresadas –como o resto das súas colaboracións- con moita ecuanimidade e considerable rigor, sempre atendendo ao estilo –nacionalista pero formal- de *Euzkadi*. Era plenamente consciente que nas páxinas deste xornal non había lugar para veleidades teosóficas ou conciliacións co budismo: el representaba o nacionalismo galego e era preciso o maior dos rigores. Unhas dúbidas que se engadían á debilidade do galeguismo político, marxinal no sistema de partidos de Galicia, incluso cando coa República gañou presenza social, pero que non podían aparecer evidentes aos ollos dos lectores vascos.

O marco de análise ao que Risco se enfrontaba non era o estritamente galego: a efervescencia política esixía situar o foco no conxunto español se ben centrase as súas consecuencias en Galicia. O fío condutor do eixo Ourense-Bilbao era o nacionalismo co engadido das crenzas católicas, intrínsecas ás teses políticas do PNV e Risco non podía ser alleo a iso. E, por exclusión, as esquerdas –entendamos como tales os partidos republicanos incluso de centro- eran, por definición, laicos e situaban o seu ámbito de acción no conxunto de España. Os artigos de Risco viñan a reforzar, con ese tándem nacionalismo-catolicismo, a liña central dos nacionalistas vascos desde Galicia.



Risco invocaba en *Euzkadi* a diversos pensadores católicos do seu tempo: Peguy,[47] Maritain,[48] Claudel,[49] Chesterton[50] ou Papini.[51] Lembremos, sen

[47] Charles Péguy (1873-1914). Filósofo e escritor francés, foi socialista na súa mocidade pero achegouse ao catolicismo da man de Maritain. Místico, apaixoado e intransixente, resultaba sospeitoso para os dirixentes socialistas e para a xerarquía da Igrexa, especialmente cando non quixo que a súa muller e mais os seus fillos fosen bautizados, polo que pasou a considerarse un "cristián sen igrexa". Morreu na batalla do Marne.

[48] Jacques Maritain (1882-1973). Filósofo francés. Nacido nunha familia protestante e casado cunha muller de orixe xudía, ambos convertéronse ao catolicismo en 1906 por influencia de Léon Bloy (tamén citado por Risco). Estudoso do tomismo e (con Péguy) da filosofía de Bergson. Cando comezou a guerra civil española,



embargo, que un tempo despois, en *Alento*, citaba a aqueles nacionalistas polacos que fixeron do catolicismo a base da vindicación nacional (" mesianismo polaco") no século XIX : Jozéf Maria Hoene-Wroński, August von Cieskowski, Adam Mickiewicz e Vicenty Lutosławski.[52]

Risco engadía que «en Galicia está aún olvidada la obra de los grandes precursores, como el P. Gándara, el P. Seguin y el cura de Fruime».[53] Esta inclusión, que renxe cos escritores católicos citados no xornal vasco, non tería outro obxectivo que amosar aos lectores nacionalistas vascos que Galicia tamén tiña escritores católicos de (certa) sona preocupados pola súa terra, máis aínda cando o País Vasco foi berce de moitos intelectuais relixiosos (comezando polos xesuítas).

O sorprendente do caso é que todos os escritores católicos contemporáneos que citaba –e que puña como modelos a seguir- eran todos conversos ao catolicismo, circunstancia pola cal –aparte de cadansúas calidades literarias, sen dúbida- resultaban orixinais e

---

manifestouse contrario ao bando sublevado (como fixeron tamén Georges Bernanos e François Mauriac). Defensor sen reparos do humanismo (é dicir da liberdade do individuo por riba de todo), criticou os totalitarismos pero tamén condenou o capitalismo e a súa concepción liberal da propiedade privada.

[49] Paul Claudel (1868-1955). Diplomático e poeta francés. De influencias simbolistas, de ben mozo sentiu a chamada do catolicismo e foi capaz de conciliar as estéticas artísticas (tanto en poesía como en ensaio) co espírito relixioso, ata o punto de ser o principal escritor francés católico moderno.

[50] Gilbert Keith Chesterton (1874-1936). Escritor e xornalista británico. Naceu nunha familia librepensadora e anglicana non practicante. Despois de interesarse polo ocultismo, a teosofía e o espiritismo, pasou a sentirse agnóstico. Casado en 1901 cunha anglicana practicante, achegouse novamente ao cristianismo e converteuse ao catolicismo despois de manter unha intensa correspondencia con outros católicos conversos, entre eles os padres John O'Connor e Ronald Knox. Malia defender os valores tradicionais da Igrexa, o seu comportamento era orixinal e moderno. Para popularizar as súas reflexións, empregou ao padre Brown (inspirado en O'Connor), protagonista de novelas de trama policial e criminal, que resolvía os enigmas grazas a coñecer a psicoloxía das persoas.

[51] Giovanni Papini (1881-1956). Un dos escritores máis importantes da literatura italiana do século XX. Ateo e escéptico na súa mocidade (de pai anticlerical e ateo, a súa nai bautizouno en segredo), pasou a ser un católico fervoroso. Entre as súas obras, cómpre salientar *Gog* e *Il Diavolo* ('O Diaño', 1953) que provocou moita controversia porque topaba coa doutrina oficial da Igrexa.

[52] Para este asunto, Górski, Eugeniusz, *Dependencia y originalidad de la filosofía en Latinoamérica y en la Europa del Este*. México, UNAM, 1994; Presa González, Fernando, "El mesianismo polaco como respuesta al problema de la identidad nacional en la Polonia del siglo XIX", *Revista de Filología Románica* núm. 19, 2002, Madrid, UCM, 291-299.

[53] Frei Felipe de la Gándara y Ulloa (1596-1676). Agostiño, exerceu como prior en diversos mosteiros e acadou o título de mestre da orde. Foi historiador e xenealoxista, e o primeiro cronista de Galicia.
Pascasio Fernández de Seguín (1711-1793), un dos relixiosos ilustrados galegos, foi xesuíta. Escribiu *Historia General del reino de Galicia* e *Galicia. Reyno de Christo Sacramentado y Primogénito de la Iglesia entre las Gentes, Santiago Príncipe Hereditario de este Reyno*.
Diego Antonio Cernadas e Castro (1702-1777), coñecido como "o cura de Friume", outro ilustrado, foi un prolífico escritor de poesía e de sucesos do seu tempo, polo que é considerado o primeiro "reporteiro" da historia de Galicia.



innovadores para o pensamento católico das primeiras decenas do século XX. Tal vez en Risco funcionaba unha pulsión do subconsciente pois el era, tamén dalgún xeito, un converso ás doutrinas católicas despois de anos de coquetear coa teosofía e cos orientalismos de manual. Pero, home de medos (non no sentido que llo aplicou despois Ramón Piñeiro), en troques de actuar como innovador no pensamento, pregouse ao catolicismo máis rancio e temeroso: o do medo ao diaño, aos herexes, aos xudeus. En definitiva, ao medo ao pecado que condena eternamente (na eternidade dos católicos e nas outras vidas dos bhramanas).

Incluso antes de desembarcar, como a cousa máis natural do mundo, no nacional-catolicismo instaurado xa en Ourense nos primeiros días de goberno do bando sublevado na guerra civil española. Velaí o seu primeiro artigo "La Aldea" no número 1 de *Misión*.[54] Pero malia esta proximidade aos sectores oficiais da Igrexa, Risco –a diferenza de Otero Pedrayo ou López Cuevillas- viviu o seu catolicismo de maneira individual e non fixo diso parte fundamental do seu pensamento. E, precisamente, por rexeitar a condición urbana e gregaria do catolicismo de Herrera Oria (e dos xornais *Ya* e *El Debate*), nunca participou en ningún movemento integrista.[55]



[54] Ourense, 16 de febreiro de 1937; Ventura 2000: 121. Na páxina web da Fundación Risco non aparece este artigo. Sobre esta publicación: Rodríguez, Olivia, "Ramón Otero Pedrayo en la revista *Misión* de Orense, durante los años de la guerra civil", *Revista de Filología Románica* 11-12. Madrid, UCM, 1994-1995, 403-432; "' Misión', una revista para cures y maestros", *La Región* (Ourense, 16 de febreiro de 2012).
[55] Ventura 2000: 140.

